



IV CORRECÁN SOLIDARIO CANCORUÑA 2019

REGULAMENTO XERAL

ARTIGO 1 - Data

Cancoruña Asociación Canina, co Concello da Coruña e a Federación Galega de Atletismo, como colaboradores, organiza o vindeiro domingo 19 de maio o IV Correcán Solidario Cancoruña 2019; un evento a favor das protectoras de animais, a adopción de mascotas, a tenencia responsable e a implantación do microchip obrigatorio. Evento oficial da Federación Galega de Atletismo con distancia non homologada.

ARTIGO 2 -Horario

A proba non competitiva, celebrarase ás 10:30 horas.

ARTIGO 3 - Saída e chegada a meta

A saída e meta estará situada fronte ao Palacio dos Deportes da Cidade Deportiva de Riazor.

ARTIGO 4 - Percorrido

O Correcán contará con dúas modalidades, a elixir unha no momento da inscrición. Unha distancia curta por un percorrido de aproximadamente 3 km e unha longa nun circuíto duns 5 Kms.

Trátase dun único circuíto de ida e volta que contará cun punto de xiro para distancia curta anterior ao momento de xiro da distancia longa.

A saída e a meta serán as indicadas no artigo 3. A proba discorrerá pola Avenida Buenos Aires, Avenida Pedro Barrié da Maza, Rúa Matadeiro para enlazar co Paseo Marítimo Alcalde Francisco Vázquez.

O punto de xiro para a distancia curta será na glorieta que está á altura da Fuente dos Surfeiros, sendo o da distancia longa na glorieta sita á altura do Aquarium Finisterrae.

ARTIGO 5 - Duchas e entrega de dorsais.

Contarase coas duchas do Palacio dos Deportes da Cidade Deportiva de Riazor. Igualmente, dun despacho de dorsais nas inmediacións do punto de saída e meta.

Ao peche do período de inscrición, a organización comunicará aos participantes, a través da conta de correo electrónico comunicada no formulario de inscrición, o horario de entrega dos dorsais.

Atendendo á Normativa non está permitido o acceso de cans ás instalacións municipais.

ARTIGO 6 -Inscricións

A inscrición da proba efectuarasea través da web www.cancoruna.com na cal figura a ligazón ao formulario e pasarela de inscrición da Federación Galega de Atletismo; ou directamente en www.carreirasgalegas.com da FGA.

O custo da inscrición é o seguinte segundo as categorías:

NIF: G 15962509–Registro Provincial Asociacións: 2004/007895/1–Registro Municipal de Asociacións Vecinales: 202

www.cancoruna.com

Categoría de adultos (maiores de 14 anos): 6€
Categoría de nenos (entre 3 e 14 anos): 2€
Categoría de pitufos (menor de 3 anos): Gratuita.

En caso de participar dous ou máis persoas co mesmo can, deberán de realizar unha inscrición por persoa.

O importe recadado pola venda de dorsais será repartido integramente entre as asociacións beneficiarias participantes.

Por seguridade na celebración do evento, o cupo está limitado a 1000 inscricións. Calquer cambio será comunicado. En caso de non producirse peche de inscricións por esta razón, admitiranse ata o luns 13 de maio de 2019 ás 23:59 horas.

Como se indica ao longo deste regulamento, é requisito para participar:

- Estar ao día en materia de tenencia e protección animal.
- Que o can teña implantado o microchip identificativo amparado pola correspondente documentación.
- Poderán participar os cans catalogados como potencialmente perigosos cos requisitos de seguridade establecidos pola normativa legal e que se detallan neste regulamento.
- En todo momento, o can deberá de ir suxeito da man do seu guía pola correa.
- Os participantes no Correcán non poderán conducir máis de un can.
- É necesario que o comportamento social do can sexa o adecuado para o tipo de evento ao que vai participar. Se ten algunha dificultade na relación con outras mascotas ou persoas, a organización poderá solicitar ao participante a retirada da carreira.
- Os participantes menores de 14 anos deberán de ir acompañados dun adulto.
- A organización ou calquera outro membro acreditado poderá solicitar a retirada da carreira a calquera persoa que incumpra coas normas establecidas no regulamento.
- Só poderán participar as persoas que porten, de maneira visible na zona do peito, o dorsal do IV Correcán Solidario Cancoruña 2019 que vai incluído na bolsa do corredor. A non utilización do dorsal será motivo para que a organización indique a necesidade de retirarse do circuito.
- Non está permitido o acompañamento na actividade de ningún vehículo alleo á organización. Nin coches, nin bicicletas, nin patíns, nin persoas non inscritas que poidan acompañar.

ARTIGO 7 - Entrega de dorsais

A entrega de dorsais realizarase a véspera, sábado 18 de maio, en horario ininterrompido, entre as 11:00 e as 20:00 horas e o mesmo día entre as 09:00 e as 10:00 horas. Terá lugar no Palacio dos Deportes da Cidade Deportiva de Riazor.

Calquer cambio que sexa necesario no horario de entrega de dorsais será comunicado.

A Organización recomenda retirar o dorsal a víspera do evento.

Atendendo á Normativa non está permitido o acceso de cans ás instalacións municipais.

O participante deberá de presentar o pasaporte para animais de compañía da Unión Europea, que é o documento xustificativo da posesión do chip identificativo e obrigatorio.

Recoméndase portar a documentación o día da carreira ante a posibilidade dun control itinerante de documentación.

Así mesmo, en caso de poseer un can dos catalogados como potencialmente perigoso deberá de presentar a correspondente licenza que corresponderá ao titular do dorsal.

A non retirada do dorsal na data e horario sinalados implicará a perda do dereito ao dorsal e á bolsa do corredor e, por tanto, a non participación da persoa na carreira.

ARTIGO 8 -Avituallamiento

Ao termo da carreira existirá un espazo acoutado próximo á zona de meta, onde os corredores participantes, por medio da presentación do dorsal oficial, poderán retirar o avituallamiento ao que terán dereito.

ARTIGO 9 -Colocación previa

Os participantes, cos seus cans, deberán de colocarse na zona acoutada que lles corresponda na saída.

A saída da modalidade de andaina terá lugar aproximadamente cinco minutos despois da saída da carreira.

ARTIGO 10 -Premios

A entrega de premios terá lugar no punto de saída e meta, á chegada de todos os participantes.

Serán premios que non favorezan a competitividade e que poderán coincidir ou non cos outorgados en edicións anteriores.

Os participantes premiados contarán cun agasallo por xentileza dun colaborador ou de Cancoruna Asociación Canina, así como o seu correspondente trofeo.

Doutra banda, concederase un premio a aquel equipo popular (asociación, empresa, club, colectivo...) que se presente á proba con maior número de participantes, previa inscrición en forma e prazo.

ARTIGO 11 - Actuación de membros acreditados

Os membros da organización, debidamente identificados (Policía Local, Protección Civil, Veterinarios, Voluntarios da Organización...) e designados para colaborar no desenvolvemento da carreira terán capacidade para informar e aconsellar aos participantes e autoridade para chamar a atención e mesmo para retirar da carreira a corredores ou corredoras que non respecten as indicacións e por tanto xeren algún tipo de incidente ou calquera anomalía que poida provocar conflitos a outros participantes.

ARTIGO 12 -Protección de datos

Todos os participantes polo feito de realizar a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe en medios de comunicación e ou Internet.

Mediante a súa inscrición, o corredor consente expresamente que os seus datos sexan utilizados pola organización para comunicacións sobre as súas actividades.

Cancoruña Asociación Canina poseerá todos os datos recabados no formulario de inscrición, inclusive os datos de contacto de cada participante para o envío de información relativa ao evento.

En todo caso, e tal e como establece a Lei de protección de datos, o/a interesado/a pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante un correo electrónico a Cancoruña Asociación Canina cancoruna.secretaria@gmail.com.

ARTIGO 13 - Seguro

A organización contratou un seguro de responsabilidade civil e accidentes para todas as persoas participantes.

O participante deberá ter contratado un seguro de responsabilidade civil que cobre os danos que puidese ocasionar o can a outras persoas , animais ou cousas.

ARTIGO 14- Aceptación das condicións e exención de responsabilidade

A inscrición na carreira implica a plena aceptación do presente regulamento por parte do participante eximindo de toda responsabilidade á organización por calquera incidente ou contratempo que lles suceda, tanto á persoa como ao can por imprudencias ou negligencias dos mesmos, da mesma forma que se o can ou a persoa infrinxe algún dano ou prexuízo durante a súa participación no Correcán Solidario Cancoruña.

O participante declara, baixo a súa responsabilidade, que ten subscrito un seguro de responsabilidade civil que cobre os danos que puidese ocasionar o can a outras persoas, animais ou cousas.

Así mesmo, os participantes declaran que tanto eles como os cans están en óptimas condicións físicas para a realización desta proba; facéndoo baixo a súa responsabilidade e eximindo a Cancoruña Asociación Canina.

Cada participante responsabilízase de cumprir coas obrigacións derivadas das bases, así como co disposto na normativa de protección animal.

ARTIGO 15 -Promoción

Formando parte do desenvolvemento do evento os participantes poderán ser fotografiados ou gravados durante o mesmo e ditas fotos e gravacións poderán ser utilizadas pola organización para facer publicacións en calquera medio, propio ou alieo, como parte da promoción e publicidade deste acto.

Por tanto, infórmase que poderán asistir medios de comunicación que tomen imaxes durante o transcurso que poderán ser utilizadas por eles sen que Cancoruña Asociación Canina poida controlar tales usos e sen que se faga responsable dos mesmos.

ARTIGO 16 - Cambios no regulamento

A organización resérvase o dereito de realizar algún cambio no presente regulamento, sen consulta previa aos participantes, se así o considerase por velar por unha boa organización, desenvolvemento do evento e seguridade dos corredores; debendo comunicalo na web, tanto na de Cancoruña Asociación Canina como na da Federación Galega de Atletismo e na información ao participante se fose posible.

A participación no evento implica a aceptación das presentes bases.

Todo o non disposto neste regulamento resolverase segundo o criterio da organización.

ADVERTENCIAS E RECOMENDACIÓNS

En materia legal e recomendacións hixiénico-sanitarias:

Estar ao día nas obrigacións sanitarias en materia de tenencia e protección animal.

TODOS OS CANS PARTICIPANTES EN LA CARRERA DEBERÁN DE TER IMPLANTADO O MICROCHIP IDENTIFICATIVO OBRIGATORIO. O cumprimento deste requisito será comprobado na entrega do dorsal ao participante.

Non se admitirán cans soltos, nin antes, nin durante, nin despois do evento.

É necesario que o can teña un comportamento adecuado ao do evento que se vai a realizar e comportamento polo que vela o traballo realizado día a día por Cancoruña Asociación Canina. Se tivese algunha dificultade na relación con outras mascotas ou persoas a organización poderá solicitar a súa retirada da carreira.

Os cans potencialmente perigosos que participen deberán de cumprir cos requisitos de seguridade e obrigatorios pola normativa legal:

- Licenza administrativa para a súa tenencia e inscrición da mascota no Rexistro Municipal.
- Seguro de responsabilidade civil por danos a terceiros.
- Utilización de boceira adecuada.
- Correa non extensible de menos de 2 m.
- Unha única mascota por persoa que será a titular da licenza.
- Do mesmo xeito que o resto dos cans non pertencentes a este grupo, permanecerán suxeitos ao seu dono pola correa e vixiados polo mesmo en todo momento.

O Ilustrísimo Colexio de Veterinarios da Coruña suxire, pola seguridade do can e outros, que a mascota conte coas vacinas correspondentes á súa idade.

De parte de Cancoruña Asociación Canina:

O Correcán Solidario non é unha carreira competitiva polo que non é obrigatorio que o can e as persoas realicen esforzos atléticos. Cada un somos conscientes do noso adestramento e do noso can e exporémonos a carreira ao ritmo que queiramos: correremos, trotaremos suave ou simplemente daremos un paseo.

A organización suxire aos participantes que, durante o percorrido e para maior seguridade, leven ao seu can no lado esquerdo.

As actividades de Cancoruña Asociación Canina caracterízanse por fomentar o cumprimento dos bos hábitos cívicos e sanitarios, enmárcanse na protección ambiental e velan polo cumprimento da Ordenanza Municipal, por iso:

- É OBRIGATORIO que o can vaia en todo momento suxeito da man do seu guía, coa correa.
- É OBRIGATORIO recoller as feces que o seu can poida deixar ao longo de toda a proba.

- NON PERMITAN que os seus cans beban das fontes para consumo humano, a menos que dispoñan dunha segunda billa adaptada para mascotas e sexa este o que se use.
- NON É ACONSELLABLE a utilización de correas extensibles.
- É ACONSELLABLE a utilización de arnés.
- É ACONSELLABLE a utilización de boceira, aínda non sendo un can catalogado como potencialmente perigoso, pola aglomeración de cans.
- A presenza dunha femia en celo provocará nerviosismo nos machos. ACTÚA CON RESPONSABILIDADE.

En canto á bebida: para os cans que vaian correr e aínda que todo dependa da temperatura ambiente, esforzo realizado e o adestrado que estea o can, é importante que estea ben hidratado antes da carreira sobre todo se fai moita calor.

Deben de chegar ben hidratados sen que beban grandes cantidades de auga xusto antes e teñan o estómago encharcado; simplemente hidratándose ben e en cantidades normais o día anterior.

Durante o esforzo poderán beber algo pero unhas “lengüetadas” nada máis.

Ao terminar deberían de camiñar tranquilamente uns 10 ou 15 minutos para que se arrefrién e normalícese a respiración. Se estivese moi acalorado permitiríanselle unhas “lengüetadas”. Cando todo normalizouse é bo ir administrándolle a auga que vaia bebendo polo menos durante a seguinte hora.

O importante é que non se dean atracones de auga, en cantidade ou moi rápido, nin antes, nin durante, nin despois do esforzo.

Teñamos especial coidado cos golpes de calor.

Sobre a alimentación: Se o can está afeito comer polas mañás non deberían de levalo en xaxún pero tampouco xusto despois de haber comido. Por dar un consello, se come polas mañás a ración completa diaria podería non dárselle enteira para non sobrecargar o estómago pero si proporcionarlle ao redor dun terzo da ración unhas 3 horas antes do exercicio.

Tampouco deberíamos de darlle o resto da comida xusto despois do exercicio. Poderíase esperar unhas 3 horas tamén.

Aínda que é certo que todo isto depende do can e do adestrado e afeito que estea ao exercicio.

Respecto da idade: Non permitamos correr moito aos nosos cans que son cachorros (o máis probable é que terminen facendo o percorrido nos nosos brazos) aínda que o crecemento destes non é igual en todas as razas. Tampouco aos moi maiores.

Quizais a partir dos seis meses comezan a ter máis aguante, con todo isto é moi variable segundo o can.

Fixádevos na evolución do can ao longo do percorrido e se fose necesario retirarsedebedes de facelo. Recomendamos que consultedes ao veterinario para que vos aconsellen canto ao ritmo ao que pode ir o voso can se o que vos apetece é correr pois tamén en función da idade cada mascota ten o seu aguante.

En canto ás características do can para a carreira:

NIF: G 15962509–Registro Provincial Asociacións: 2004/007895/1–Registro Municipal de Asociacións Vecinales: 202

www.cancoruna.com

Todos os cans necesitan exercicio físico a diario pero debe de adaptarse o ritmo tanto á condición física da persoa como ás características do can. Ritmos lentos para:

- Cans de patas curtas (Teckel ou Can Salchicha, Chihuahua...); polo seu tamaño.
- Braquicéfalos; de fuciño achatado e cranio ancho e curto (Bulldog, Carlino ou Pug, Boston Terrier, Boxer, Pequínés, LashaApso, ShihTzu...); pola súa maior dificultade ao respirar.
- Con demasiado pelo (Bobtail ou Antigüo Can Pastor Inglés, Galgo Afgán, Boyero de Berna...); sobre todo se fai calor excesivo, polo aumento de temperatura que podensufrir.
- Pesados (San Bernardo, Mastín...); pola súa maior capacidade de resistencia á actividade física.
- Con algunha condición ortopédica que os limite ou condicionamento físico ou afección por idade ou algunha enfermidade (cardíaca, pulmonar, articular...).

Indicáronse razas a modo de exemplo para facer a lectura máis visual e que o participante adapte esta recomendación ás características da súa mascota.

¿Que se necesita para correr coa mascota?

- Ti, o teu can, unha correa, un pantalón, unha camiseta e unhas zapatillas. Correrás mellor se a correa dáptase ao tamaño e características da túa mascota e se nós utilizamos un pantalón, zapatillas adecuadas e unha camiseta que transpire ben.
- Paciencia. Ao principio poida que o teu can queira correr cara a todos lados pero aprende rápido. Sabe recoñecer as nosas emocións e intensidades e pronto lograremos a conexión e pareceremos un só: xira cara a onde llepides e acelera e desacelera nos momentos precisos.
- Adaptación. Adestro paso a paso. Aínda que corran máis que nós ou a máis velocidade, deben de ir adaptando o seu corpo á distancia e nós administrarémolo en cada saída. Se chegusta saír a correr coatúa mascota a miúdo non está de máis que llocomentes ao veterinario.
- Motivación. A nosa mascota sabe o noso estado de ánimo e entende os tons de voz que utilizamos. Animade ao voso can durante a carreira, “imos mozo/a...”, “veña amigo/a...”, “moiben...”, “ánimo...”. Debemos de estar motivados para motivar á nosa mascota. Pódese acompañar con algún alimento como premio ao traballo pero máis ben escaso para que non inxiramoito durante a actividade.
- Conciencia de que somos dous. Compaxinade actividade física e control sobre a mascota con coidado; estando atento á hora de cruzar rúas (se se dese o caso), adiantar a persoas para que non se enreden as correas e ter aos nosos mellores amigos a salvo de imprevistos.
- E GANAS DE GOZAR!

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da FGA e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña.